



**Museo
do Pobo
Galego**

SOCIOS PATROCINADORES

Engasa. Energía de Galicia S.A.

Fundación La Rosaleda

Unika Proyectos y obras S.A.

Aluminios Cortizo, S.A.

SOCIOS PROTECTORES

Fundación Rodríguez Iglesias

I.X.P. Temera Gallega

O 16 Casa de Xantar

Progando S.L.

Galivalia

Coop. Agraria Provincial da Coruña S.C.G.

Restaurante María Castaña

Restaurante A Bodeguilla de San Roque

Vitivinicola do Ribeiro, S.C.G.

R Cable y Telecomunicaciones de Galicia, S.A.

Madeiras Oranda, S.A.


J.J. Chicolino, S.L.

Gadisa Retail, S.L.U.



**XUNTA
DE GALICIA**

FORO ISAAC DÍAZ PARDO EMPRESA E CULTURA



A tradición como fonte de innovación e factor de excelencia
Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2013



**Museo
do Pobo
Galego**

PROGRAMA

10:30 h **Apertura e presentación.**

11:00 h **Entreprise du Patrimoine Vivant,
un “label” de saber facer e excelencia.**

Mme. Anne-Laure Halphen. Institut Supérieur des Métiers, Francia

11:45 h **O viño tostado do Ribeiro**

D. Argimiro Leboso

Viña Costeira, Cooperativa Vitivinícola do Ribeiro, SCG. Galicia

12:05 h **Rías Baixas, Prototypes**

D. Juan Ares. Galicia

12:25 h **Embarcación de lecer con deseño de Racú.**

D. Xerardo Triñanes.

Asteleiros Triñanes Domínguez S.L.. Galicia

12:45 h **Camisetas**

D. Salvador Vázquez

Rei Zentolo. Galicia

13:05 h **Os lenços de namorar.**

Dª Paula Isaias

Aliança Artesanal. Portugal

13:30 h **Clausura**

Ao remate servírase un viño.

Desde a súa creación no ano 1977 o Museo do Pobo Galego ten como fin "... a investigación, estudo, difusión, conservación, defensa e promoción da cultura galega", tal e como recollen os seus estatutos. Na consecución destes obxectivos desenvolve un amplo programa de actividades no que ata a data a penas se ten traballado na área da actividade das empresas e a súa achega á construción da cultura galega.

A relación Empresa e Cultura forma parte dun amplo debate na sociedade sobre o que se dou en chamar “responsabilidade social corporativa”, que en Galicia tamén ten presenza aínda sen existir unha ampla tradición no mecenado cultural por parte das empresas galegas.

Neste tempo de crise onde é preciso revisar o papel de todos e cada un dos axentes sociais no espazo cultural, o Museo do Pobo Galego quere abrir un foro de reflexión e debate sobre o papel das empresas na cultura galega e da cultura galega nas empresas, que a súa vez sexa unha homenaxe a Isaac Díaz Pardo, patrón e presidente do noso Padroado, home da cultura e da empresa, por ser o mellor referente da conxunción Empresa e Cultura, ámbito de actuación do foro.

Habitualmente o enfoque deste debate realízase sobre o papel da empresa como promotora ou patrocinadora de actividades culturais, considerado como parte por unha banda das súas obrigas para a sociedade no seo da que desenvolve a súa actividade e por outra como unha ferramenta de imaxe da propia empresa, que lle permite fidelizar a súa marca e afianzar a súa posición no mercado.

Para esta primeira convocatoria, a celebrar sábado 15 de xuño de 2013, o Museo do Pobo Galego quere utilizar unha perspectiva diferente e centrar o foro no que a cultura propia de Galicia pode achegar á actividade produtiva das empresas e como contribuir á consecución de novos produtos que, respondendo ás necesidades actuais da sociedade, se incardinan na nosa tradición cultural.

A tradición como fonte de innovación e factor de excelencia define o marco de reflexión do **I FORO “ISAAC DÍAZ PARDO” EMPRESA E CULTURA**, onde poderemos coñecer algunhas experiencias galegas pero tamén doutros países sobre produtos desenvolvidos por empresas baseados en elementos da tradición cultural.

Experiencias alleas como a que representa en Francia o “label” Entreprise du Patrimoine Vivant, outorgado polo Estado a aquelas empresas que se distinguen por un saber facer artesanal e industrial de excelencia, ou a recuperación dos “lenços de namorar” pola Aliança Artesanal Cooperativa de Vila Verde en Portugal, permitirannos coñecer o alcance e posibilidades para a actividade empresarial e o desenvolvemento de novos produtos baseándose na cultura e saber facer propios.